

Guía para a organización de talleres de participación na paisaxe no marco do proceso de participación na elaboración do Catálogo das Paisaxes de Galicia





PAISAXE GALEGA



Somos Paisaxe é un programa de acción conxunta entre a Fundación Galicia Sustentable e o Instituto de Estudos do Territorio da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas na procura de activar a participación social e de desenvolver unha maior conciencia sobre a responsabilidade individual e colectiva sobre a Paisaxe e o Territorio.

Na liña de traballo de apoio ao proceso formal de participación no deseño do Catálogo das Paisaxes elabóranse unha serie de materiais para a capacitación nos conceptos que deberán ser utilizados pola poboación para unha participación activa pola Paisaxe Galega.

Obxectivo desta guía

Esta guía é unha ferramenta para facilitar que organizacións, axentes sociais e outros colectivos de poboación galega participen no proceso de elaboración do Catálogo das Paisaxes de Galicia.

A intención destes materiais é a de permitir a realización de talleres organizados de forma independente para pasar por un proceso moi sinxelo de identificación e caracterización das paisaxes cotiás no que cada participante poida incorporar todo o seu coñecemento local aos Catálogos da Paisaxe de Galicia.

Estes materiais permiten coñecer e se familiarizar coa plataforma de participación online de forma que agardamos que despois de utilizala nos talleres se dea difusión na contorna para ampliar o alcance deste proceso de participación para o deseño da Paisaxe Galega que queremos.

Contexto

O Instituto de Estudos do Territorio da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia está a elaborar os Catálogos da Paisaxe de Galicia en desenvolvemento da Estratexia da Paisaxe de Galicia e segundo a Lei da Paisaxe que desenvolve o Convenio Europeo da Paisaxe.

Para isto traballa en colaboración co Laboratorio do Territorio da Universidade de Santiago de Compostela, que se encargará de levar este taller que xorde da profunda convicción da que é fundamental contar coa opinión e o coñecemento da poboación nos procesos de toma de decisións sobre a nosa paisaxe e o noso territorio.

The image displays a map of Galicia, Spain, divided into various landscape regions. To the left of the map is a legend titled 'ESTRATEGIA PAISAXE GALEGA' which lists 12 numbered categories with their corresponding colors and sub-regions. The map itself is color-coded according to this legend, showing regions such as 'Terra de Lemos', 'Terra de Ourense', 'Terra de Santiago', and 'Terra de Barba'. To the right of the map is a vertical banner with the text 'PAISAXE GALEGA' at the top, followed by the logo of the 'XUNTA DE GALICIA' (Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas). Below this is the slogan 'PARTICIPA NO DESEÑO DA PAISAXE GALEGA' in orange. At the bottom of the banner are the logos for 'IET INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO' and 'USC LaboraTe G.I.-1994-TB'.

Traballo na sesión

Para dar cumprimento ao que a Lei da Paisaxe de Galicia require do Catálogo que se está a elaborar, hoxe vos pediremos que localicedes:

- Paisaxes de interese (exercicio 2).
- Que identifiquedes valores paisaxísticos (exercicio 3).
- Aquelas paisaxes que por múltiples e diversos motivos non están no seu mellor estado actualmente e merecerían ser recuperadas (exercicio 4).

Contextualización

Paisaxe é calquera parte do territorio tal e como o entende a poboación (Definición do Convenio Europeo da Paisaxe).

O **Convenio Europeo da Paisaxe**, un longo traballo desde mediados dos anos 90 que foi concluído en Florencia no ano 2000. O seu propósito xeral e o de animar ñas autoridades públicas a adoptar políticas e medidas para protexer, planificar e xestionar as paisaxes europeas con vistas a conservar e mellorar a súa calidade e levar ao público, institucións e autoridades locais e rexionais a recoñecer a valor e a importancia da paisaxe e a necesidade de tomar parte nas decisións públicas relativas ao mesmo.

Máis información

<http://www.magrama.gob.es/en/desarrollo-rural/temas/desarrollo-territorial/convenio.aspx>

Lei de Protección da Paisaxe de Galicia. En desenvolvemento do Convenio Europeo da Paisaxe o Parlamento de Galicia dótase da Lei 7/2008, do 7 de xullo de 2008, de Protección da Paisaxe de Galicia que reflexa a vontade política de integrar a consideración da paisaxe nas políticas de ordenamento territorial e urbanístico, ase como nas súas políticas ambientais, do patrimonio cultural, agrícolas, forestais, sociais, turísticas, industriais e económicas, e en calquera outra política sectorial que poida producir impacto directo ou indirecto sobre a paisaxe.

Estratexia da Paisaxe Galega. Dende o ano 2011, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas está a desenvolver unha Estratexia da Paisaxe de Galicia (EPG), e acometeu a súa revisión neste ano 2014, cara a posta en valor, protección e recuperación, no seu caso, da paisaxe galega. Trátase dunha política transversal a todos os departamentos que se alongará durante toda a lexislatura incidindo en accións que acaden unha nova sensibilidade para construír a Galicia do futuro.

O **Catálogo das paisaxes** son unha das ferramentas coas que nos dota a antedita lei e se concretan nun documento, realizado polo Instituto de Estudos do Territorio, no que se trata de identificar os tipos de paisaxe existentes en Galicia.

Máis información

http://www.cmati.xunta.es/seccion-tema/c/Desenvolvemento_sostible?content=Direccion_Xeral_Sostibilidade_Paisaxe/Paisaxe/seccion.html&std=estratexia-paisaxe.html

Participación. Un obxectivo principal do Catálogo das Paisaxes de Galicia é levar a cabo un programa de participación pública efectiva, que asegure a representación da opinión cidadá dende o inicio do proceso e a incorpore no resultado final. Para a elaboración do Catálogo das Paisaxes instrumento, o Instituto de Estudos do Territorio aposta pola incorporar o parecer da poboación para incorporar o máis do coñecemento local posible a esta ferramenta para conservar e mellorar a calidade da Paisaxe Galega.

Exercicio 1 - Concepto da paisaxe

Obxectivo

Tomar consciencia da complexidade do tema que estamos a traballar.

Método

Dar 5 minutos para que cada quen escriba en 140 caracteres (un chío/tweet) a definición que cada un teña de paisaxe.

Ampliación

Por grupos podemos tratar de chegar a un consenso do que é para este grupo a paisaxe.



Galicia Sustentable @fgsustentable · 28 sept.

A paisaxe é o resultado de nos relacionar coa contorna
www.galiciasustentable.org #somospaisaxe



Plataforma de participación online

Este portal forma parte do programa deseñado para a promoción da participación pública e permanecerá aberto durante todo o proceso para que poidas aportar o teu coñecemento local e colaborar así no deseño da paisaxe que queremos para Galicia.

A forma de facelo é moi doada e agardamos que despois de que vexades o atractivo do proceso vos mesmos difundades esta plataforma para que sexamos os máis posibles a participar no deseño da Paisaxe Galega.

Podes acceder e descargar o vídeo explicativo do funcionamento da plataforma na páxina web www.somospaisaxe.org, así como acceder á plataforma de participación



Rexistro

Unha vez na plataforma de participación (<http://sixot.es/catalogospaisaxe>), o primeiro que tes que crear unha conta de participación. Preme no botón Participa e accederás ao formulario de rexistro.

Aquí tes que facer é introducir un usuario e contrasinal. Cada vez que queiras volver participar, poderás acceder directamente introducindo estes datos nesta mesma páxina.

Introduces o texto de control no seu campo, les as condicións de acceso ao sistema e se estas de acordo aceptas as condicións de uso.

No que se refire aos datos persoais só son obrigatorios os que están sombreados, pero sería moi útil para as análises estatísticas de toda esta información que nos indicases os máis posibles.

Premes en rexistrar e listo. A túa conta foi creada con éxito.

Capas de información

O primeiro que ves é un mapa coas Grandes Áreas Paisaxísticas nas que se ten dividido Galicia e as Comarcas nas que se subdividen.

Aínda que teñen o mesmo nome non se deben confundir coas comarcas administrativas, xa que estas as comarcas paisaxísticas están delimitadas desde a perspectiva da paisaxe e polo tanto non coinciden necesariamente.

Na esquerda temos as capas de información que nos poden axudar a localizar as paisaxes que vaíamos identificar.

En función da escala podes decidir a información que te resulta máis útil e a que ten deixado de selo.

Por exemplo se a escala Galicia activamos a capa de Entidades de poboación. A cantidade de información representada non facilita o traballo, porén esta capa resulta moi útil para nos orientar nun nivel de detalle maior.

De feito, se desactivas de primeiras as comarcas paisaxísticas, poderás ter un mapa máis limpo no que te orientar.

Os puntiños que agora ves no mapa son os lugares de interese marcados por outras persoas coma ti neste proceso de participación.

Agora temos 7 puntos de proba pero é previsible que a medida que avance o proceso a cantidade de información sexa tamén moita, así que podes activas e desactivar a capa no seu campo correspondente.

Unha capa que resulta moi útil desde o principio é a do Mapa Topográfico Nacional entre outras cousas porque vai adaptando a cantidade de información á escala o cal facilita moito que nos orientemos.

O resto das capas que temos actualmente e outras que poden irse engadindo pretenden axudarte a atopar o que buscas. O proceso para activar e desactivar é sempre o mesmo así que ti decides en cada momento a información que te resulta máis útil ou interesante.

Moveuse polo mapa

Para nos mover polo mapa temos a ferramenta zoom e a ferramenta mover.

Esta última está representada pola man no panel de ferramentas e nos permite mover o mapa dentro da mesma escala.

O zoom cambia de escala mostrando mais ou menos detalle e conta con varias ferramentas. O signo máis achéganos e o signo menos afástanos e o mesmo sucede coas lupas que teñen os símbolos no seu interior, só que estas ferramentas nos permiten facer unha caixa de zoom para nos achegar a esa determinada área.

DESEÑANDO A PAISAXE QUE DESEXAMOS PARA GALICIA

O Instituto de Estudos do Territorio da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia está a elaborar os Catálogos da Paisaxe de Galicia en desenvolvemento da Estratexia da Paisaxe de Galicia e segundo a Lei 7/2008 de Protección da Paisaxe que desenvolve o Convenio Europeo da Paisaxe.

PAISAXE GALEGA

O SIXweb para o Catálogo das Paisaxes é unha plataforma aberta e accesible á participación de toda a poboación

Gustaríanos poder ir casa por casa para recoller todas estas opinións e coñecemento acerca das paisaxes para que todo o mundo aporte no proceso. Non resultaría viable, pero hoxe a Rede ofrécenos a oportunidade de promover a participación pública de forma que poidas aportar o teu coñecemento local e colaborar así no deseño da paisaxe que queremos para Galicia, desde onde queiras e cando queiras.

REXISTRO

O primeiro que tes que facer é crear unha conta de participación en <http://sixot.es/catalogospaisaxe>, preme no botón Participa e accederás ao formulario de rexistro.

Polo que se refire aos datos persoais só son obrigatorios os que están sombreados, pero sería moi útil para as análises estatísticas de toda esta información que nos indicases os máis posibles.

CAPAS DE INFORMACIÓN

Na esquerda do visor atópanse as capas de información que nos poden axudar a localizar as paisaxes que vamos identificar. Todas estas capas de información pretenden axudarte a atopar o que buscas.

Para activar e desactivar simplemente tes que marcar ou desmarcar cada capa de forma que ti decidas en cada momento a información que che resulta máis útil ou interesante.

MOVERSE POLO MAPA

Para nos mover polo mapa temos a ferramenta zoom e a ferramenta mover. Esta última está representada pola man no panel de ferramentas e permitenos mover o mapa dentro da mesma escala. O zoom cambia de escala mostrando mais ou menos detalle e conta con varias ferramentas. O signo máis (+) achéganos e o signo menos (-) alóñxanos e o mesmo sucede coas lupas que teñen os símbolos no seu interior, só que estas ferramentas permitenos facer unha caixa de zoom para achegarnos a esa determinada área.

MARCAR UN PUNTO

Unha vez localizada a túa aportación, seleccionas a ferramenta lápiz e marcas un punto representativo da localización. Queda marcado e agora é necesario facer unha descrición de por qué destacas este espazo. Preme en aceptar e a túa aportación forma xa parte do proceso de elaboración dos Catálogos da Paisaxe.

INFORMACIÓN

Cada punto marcado vai asociado a unha breve descrición. Para acceder a ela basta con que actives o símbolo de información (i) ao carón da capa en cuestión. Ao premer nos puntos existentes poderás ler a súa descrición asociada.



Interactuar

Cada punto marcado vai asociado cunha breve descrición. Para acceder a ela basta con que actives o símbolo de información ao carón da capa e se activará a opción de información. Lembra que sempre é preciso ter activada esta ferramenta e a capa da que te interesa obter a información para poder acceder a ela.

Participación

Segundo require a Lei da Paisaxe de Galicia, os Catálogos da Paisaxe deben identificar lugares de especial interese, valores paisaxísticos e áreas degradadas.

Imos facer a proba identificando un lugar de especial interese. Imaxina que queres marcar a Catedral de Santiago de Compostela.

Neste caso é posible que xa teña sido identificados por outras persoas, porén, é necesario que ti tamén os marques porque a densidade de puntos vai aportar tamén información importante para os Catálogos.

Para atoparmos a Catedral temos que achegar utilizando o zoom a Santiago de Compostela e dentro da cidade chegar á Catedral.

A este nivel de detalle decatáste que a unha determinada escala a capa do Mapa Topográfico Nacional se substitúe automaticamente pola fotografía do Plan Nacional de Ortofotografía Aérea (PNOA)

Unha vez localizada seleccionamos a ferramenta lapis e marcamos o punto correspondente.

Queda marcado e agora é necesario facer unha descrición de por que destacas este espazo.

Premes en aceptar e listo o Punto forma xa parte do proceso de elaboración dos Catálogos da Paisaxe.

Isto mesmo o podes facer tantas veces como consideres e tamén para identificar valores Paisaxísticos e áreas degradadas.

Recorda que as túas aportacións se integrarán no proceso de elaboración do Catalogo das paisaxes, así que non deberías deixar de aportar eses espazos que configuran a paisaxe que nos gustaría para Galicia.

Lugares de interese

Son todas paisaxes que contan cunha certa singularidade, a onde probablemente levaríamos a alguén que nos visita. Lugares ou zonas con un especial valor paisaxístico, estético, harmonioso, que nos fai sentir ben, co que nos identificamos, individualmente ou como pobo.



PAISAXE
GALEGA

XUNTA DE GALICIA
CONSULTORA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

iet INSTITUTO
TERRITORIO

USC LaboraTe
G.I.-1994-TB



PAISAXE
GALEGA

XUNTA DE GALICIA
CONSULTORA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

iet INSTITUTO
TERRITORIO

USC LaboraTe
G.I.-1994-TB



PAISAXE GALEGA

XUNTA DE GALICIA
CONSULTORA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

iet INSTITUTO
TERRITORIO

USC LaboraTe
G.I.-1994-TB



PAISAXE GALEGA

XUNTA DE GALICIA
CONSULTORA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

iet INSTITUTO
TERRITORIO

USC LaboraTe
G.I.-1994-TB



PAISAXE
GALEGA

XUNTA DE GALICIA
CONSULTORA DE MEDIO AMBIENTE,
RECONSTRUCCIÓN E INFRAESTRUCTURAS

iet INSTITUTO
TERRITORIO

USC LaboraTe
G.I.-1884-78

Exercicio 2 – Lugares de interese

Obxectivo

Identificar na plataforma de participación lugares de interese paisaxístico.

Método


En función da duración estimada do taller e dos exercicios polos que se queira pasar, darase tempo ás e aos participantes para identificar dentro do territorio da súa contorna cotiá aquelas paisaxes que considera de especial interese. Para iso utilizarase a plataforma <http://sixot.es/catalogospaisaxe> marcando os puntos de interese que cada quen estime.

Valores Paisaxísticos

Tal como dicíamos ao inicio, as paisaxes tamén se poden identificar polo un valor concreto que poidan ter para a sociedade. A paisaxe pode ter valores que tamén son necesarios coñecer.

Cadaquén observa valores diferentes na paisaxe e son moitos os posibles valores de xeito que se realizou unha agrupación dos tipos de valores quedando en catro:

- Naturais/Ecolóxicos Paisaxes onde hai especies singulares ou que son fundamentais para manter un ecosistema.
- Patrimoniais/culturais onde destaca a presenza deste tipo de elementos.
- Panorámicos nos que é salientable o fondo escénico ou a estética.
- Valores de uso nos que a utilización desa paisaxe é o máis significativo. Determinan a relación entre nós e a contorna, xa que en moitos casos determinan o modo e o medio de vida





Patrimoniais/Culturais



Panorámicos/Estéticos

PAISAXE GALEGA

XUNTA DE GALICIA
CONSULTORA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

iet INSTITUTO
TERRITORIO


USC LaboraTe
G.I.-1994-TB

PAISAXE GALEGA

XUNTA DE GALICIA
CONSULTORA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

iet INSTITUTO
TERRITORIO

USC LaboraTe
G.I.-1994-TB



PAISAXE
GALEGA

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

iet INSTITUTO
TERRITORIO

USC LaboraTe
G.I.-1994-TB

PAISAXE
GALEGA

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

iet INSTITUTO
TERRITORIO

USC LaboraTe
G.I.-1994-TB



LUGARES VALORES ÁREAS DEGRADADAS

De uso



LUGARES VALORES ÁREAS DEGRADADAS

De uso

PAISAXE
GALEGA

XUNTA DE GALICIA
CONSULTORA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

iet INSTITUTO
TERRITORIO

USC LaboraTe
G.I.-1994-TB

PAISAXE
GALEGA

XUNTA DE GALICIA
CONSULTORA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

iet INSTITUTO
TERRITORIO

USC LaboraTe
G.I.-1994-TB

Exercicio 3 – Valores paisaxísticos

Obxectivo

Identificar na plataforma de participación valores paisaxísticos. Pode haber varios ao mesmo tempo, pero cales son os que deberían prevalecer.

Método

En función da duración estimada do taller e dos exercicios polos que se queira pasar, darase tempo ás e aos participantes para identificar dentro do territorio da súa contorna cotiá os valores paisaxísticos que identifica. Para iso utilizarase a plataforma <http://sixot.es/catalogospaisaxe> marcando os puntos de interese que cada quen estime.

Áreas degradadas

Existen moitas zonas que, debido a determinados procesos, acabáronse degradando e que se se revitalizaran serían de novo moi apreciadas por algúns dos valores que tiñan no pasado





Exercicio 4 – Áreas degradadas

Obxectivo

Identificar na plataforma de participación aquelas paisaxes que merecen ser recuperadas.

Método

En función da duración estimada do taller e dos exercicios polos que se queira pasar, darase tempo ás e aos participantes para identificar dentro do territorio da súa contorna cotiá os valores paisaxísticos que identifica. Para iso utilizarase a plataforma <http://sixot.es/catalogospaisaxe> marcando os puntos de interese que cada quen estime.

Grazas por participar

Grazas por participar. Os puntos que temos marcado na xornada de hoxe e os que marquedes ate a finalización deste proceso 31 de outubro, forman parte do proceso de elaboración do Catálogo das Paisaxes de Galicia.

Agora sodes facilitadores da paisaxe. Lembrade que o proceso continúa na plataforma online e agardamos que como axentes importantes na vosa Área Paisaxística sexades desde este momento embaixadoras e embaixadores deste proceso aberto de participación para o deseño da paisaxe galega do futuro.

PAISAXE GALEGA

